

## Concello de Oza-Cesuras

### **BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS ECONÓMICAS AO COMERCIO LOCAL PARA PALIAR NA MEDIDA DO POSIBLE OS EFECTOS DERIVADOS DO INCREMENTO DO CUSTO DA ELECTRICIDADE NAS COMUNIDADES DE BENS, SOCIEDADES CIVÍS E PERSOAS FÍSICAS AUTÓNOMAS CON LOCAIS ABERTOS AO PÚBLICO EN ACTIVO E EN FUNCIONAMENTO RADICADOS NESTE TERMO MUNICIPAL**

O contido das presentes bases se circunscribe á regulación mínima necesaria para adaptala á realidade do colectivo ao que se dirixe sendo ademáis garantista e protectora en relación á preocupante situación amparada. Rexeranse, con carácter xeral, polo disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo e na Lei 9/2007, de 13 de xuño de Subvencións de Galicia e, supletoriamente na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e calquera outra disposición normativa que pola súa natureza puidese resultar de aplicación.

#### **- 1ª. Natureza, obxecto e crédito orzamentario.**

1. O obxecto das presentes bases é regular a concesión de subvencións ás comunidades de bens, sociedades civís e persoas físicas autónomas con locais comerciais ou establecementos minoristas abertos ao público e en funcionamento radicados en Oza-Cesuras para contribuir á reactivación do comercio local coa finalidade de paliar na medida do posible os efectos derivados do incremento do custo da electricidade.

2. Aos efectos das presentes bases enténdese por “locais comerciais ou establecementos minoristas” aquelas actividades con ánimo de lucro consistentes en ofertar a venda de calquera clase de artigos ou produtos para o seu consumo aos destinatarios finais dos mesmos.

3. A contía destinada a atender as solicitudes das axudas previstas nestas bases ascende a 6,000,00 euros e financiaranse con cargo ao saldo dispoñible na bolsa de vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 231.48000 no vixente orzamento municipal.

#### **- 2ª.- Beneficiarios/as, requisitos e xeito de acreditación.**

Poderán ser beneficiarias da subvención as persoas físicas autónomas empadroadas neste concello; as comunidades de bens, as sociedades civís legalmente constituídas con domicilio fiscal en Oza-Cesuras, que figuren no IAE deste concello e cumplan os seguintes requisitos no momento de presentación da solicitude de subvención:

- Que desenvolvan a súa actividade nun local ou establecemento comercial minorista aberto ao público, en activo e en funcionamento, do que se indicará a referencia catastral, radicado no municipio de Oza-Cesuras que estea en activo e en funcionamento e comprometerse a manter a súa actividade nun local ou establecemento radicado neste concello durante o período de seis meses dende a data de concesión da axuda económica. *(A existencia do local ou establecemento comercial será acreditado achegando documentación acreditativa da titularidade ou dereito real que posúa sobre o mesmo e o requisito de situación de actividade e funcionamento será declarada responsablemente polo/s solicitante/s no modelo normalizado de solicitude de subvención – Anexo I -).*



## Concello de Oza-Cesuras

- Que as persoas físicas autónomas estean empadroados/as no concello de Oza-Cesuras no momento de presentar a solicitude de subvención e que se comprometa/n a manterse empadroados/s neste concello durante o período mínimo de seis meses dende a data de concesión da axuda económica. *(Dito requisito de empadramento será comprobado de oficio pola Administración municipal.)*

- *Que as comunidades de bens e as sociedades civís comunidades de bens posúan o seu domicilio fiscal no concello de Oza-Cesuras e se comprometan a mantelo neste concello durante o período mínimo de seis meses dende a data de concesión da axuda económica (Dito requisito acreditarse co CIF)*

- Que estean dados de alta na matrícula do IAE ou na matrícula de exentos do seu pagamento do concello de Oza-Cesuras correspondente ao exercicio 2022 e se comprometan a manter a súa inscrición durante un período mínimo de seis meses dende a data de concesión, no seu caso, da axuda económica. *(O requisito de situación da actividade será comprobado de oficio pola Administración municipal na matrícula do IAE ou na matrícula de exentos do seu pagamento correspondente ao exercicio 2022 ).*

**No caso de terse iniciado a actividade no segundo semestre do exercizo 2022, é aconsellable achegar copia da solicitude censal de alta por se aínda non estivese recollida dita situación nas matrículas postas a disposición deste concello pola Deputación Provincial da Coruña.**

- Que a persoa física, comunidade de bens e/ou sociedade civil solicitante se encontre ao corrente das obrigas tributarias:

1.- Coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e coa Administración Xeral da Seguridade Social. *(Dito requisito será declarado responsablemente polo/s solicitante/s no modelo normalizado de solicitude de subvención – Anexo I - )*

2.- Co Concello de Oza-Cesuras. *(Dito requisito será comprobado de oficio pola Administración municipal.)*

- Que a persoa física, comunidade de bens e/ou sociedade civil solicitante non se atope incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

### - 3ª.- **Gastos subvencionables.**

1. Consideraranse subvencionables os gastos de subministro eléctrico do local comercial que de xeito indubidable respondan á natureza da actuación subvencionada, beneficien ou teñan como lugar de realización o local ou establecemento comercial radicado no municipio de Oza-Cesuras e sexan realizados efectivamente dende o 1 de xaneiro de 2022 ata o a data límite de xustificación.

2. O IVE non se considera subvencionable.

3. Estas axudas teñen carácter finalista polo que o importe da subvención concedida non poderá ser empregado para outros fins.

4. Os gastos teñen que ser pagados por transferencia bancaria, talón bancario, domiciliación



## Concello de Oza-Cesuras

bancaria ou cargo en conta a través de tarxeta. Non se aceptan gastos pagados en efectivo.

5. As subvencións reguladas na presente convocatoria serán compatibles con outros que, polos mesmos conceptos, poidan outorgar outras administracións públicas ou entres públicos ou privados pero, sen que en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras poidan superar os límites establecidos polo artigo 17.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e demais normativa reguladora en materia de subvencións. Neste sentido, non poderán, xunto con outras axudas para a mesma finalidade, superar o 100 % do custo do obxecto subvencionable.

### - 4ª.- Concorrencia á subvención e contía máxima da axuda

1. A concesión das subvencións efectuarase en réxime de **concorrencia non competitiva**. A selección das solicitudes beneficiarias que reúnan os requisitos esixidos se levará a cabo en **función da orde de entrada das solicitudes** no rexistro do Concello de Oza-Cesuras ata o esgotamento da totalidade do crédito orzamentario.

2. O importe total da subvención será do 100% do importe total dos gastos previstos (IVE excluído) co límite máximo de 100,00 euros por gastos subvencionable especificados na base 3.1 desta convocatoria.

En ningún caso o importe total de subvención a conceder por persoa física autónoma, comunidades de bens e sociedade civil beneficiaria poderá superar os 100,00 euros.

### - 5ª.- Presentación de solicitudes, documentación a xuntar e prazo de solicitude.

1. O prazo de presentación de solicitudes de participación será de vinte días hábiles contados desde o seguinte á publicación na páxina web das presentes bases.

2. As presentes bases de convocatoria xunto cos seus anexos correspondentes aos modelos de solicitude e xustificación serán publicados na páxina web do concello

3. A presentación das solicitudes se realizará no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos procedementos que prevé o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP). A presentación da solicitude de xeito telemático na sede electrónica deste concello realizarase a través do enlace da páxina web ([www.concellodeozacesuras.es](http://www.concellodeozacesuras.es)) cos certificados dixitais admitidos na mesma e achegando coa mesma os documentos electrónicos correspondentes ao modelo de solicitude contendo as declaracións responsables e os compromisos correspondentes (segundo o modelo do anexo I das presentes bases) con súa correspondente sinatura electrónica.

4. A solicitude presentarse no modelo normalizado que figura como anexo I das presentes bases,  **cuberto con letras maiúsculas e lexibles; en formato pdf ou jpg que recolla documentos completos e íntegros, non se admitirán aqueles documentos que figuren incompletos ou cortados** xunto coa seguinte documentación en copia auténtica (segundo declaración formulada polo propio solicitante) que seguidamente se sinala:



## Concello de Oza-Cesuras

- a) Copia auténtica do DNI, NIE ou NIF da persoa física
- b) CIF e documento de constitución, e no seu caso modificacións, da comunidade de bens e/ou sociedade civil, e poder suficiente para actuar en nome destas dúas últimas en caso de representación.
- c) Documentación acreditativa da titularidade ou dereito real que posúa sobre o local ou establecemento comercial.
- e) Declaración responsable, autorizacións e compromisos (*contidos no modelo do anexo I*):

### **Declaracións responsables:**

- Declaración responsable asinada pola persoa física autónoma ou pola totalidade dos comeneiros e socios integrantes das comunidades de bens e sociedades civís de que desenvolven a súa actividade nun local ou establecemento comercial minorista aberto ao público, do que se indicará a referencia catastral, radicado no municipio de Oza-Cesuras que estea en activo e en funcionamento no momento de presentación da solicitude de subvención.
- Declaración responsable asinada pola persoa física autónoma ou pola totalidade dos comeneiros e socios integrantes das comunidades de bens e sociedades civís de que figura/n de alta na matrícula do IAE ou na matrícula de exentos do seu pagamento do concello de Oza-Cesuras correspondente ao exercicio 2022 no momento de presentación da solicitude de subvención.
- Declaración responsable de atoparse ao corrente nas súas obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e coa Administración Xeral da Seguridade Social.
- Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración responsable comprensiva do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, no seu caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións.

### **Autorizacións:**

- Autorización da persoa física autónoma para levar a cabo a consulta relativa ao seu empadramento no padrón municipal de habitantes deste concello.
- Autorización da persoa física autónoma ou de todos os comeneiros e asociados integrantes das comunidades de bens e sociedades civís para levar a cabo a consulta relativa á súa inclusión na matrícula fiscal de IAE ou na matrícula de exentos do seu pagamento correspondente ao exercicio 2022.
- Autorización da persoa física autónoma ou de todos os comeneiros e asociados integrantes das comunidades de bens e sociedades civís ao Concello de Oza-Cesuras para comprobar que estean ao corrente do cumprimento das súas obrigas fiscais municipais.

### **Compromisos:**

- Compromiso da persoa física autónoma de manterse empadrado/s no concello de Oza-Cesuras durante o período de seis meses dende a data de concesión da axuda económica.



## Concello de Oza-Cesuras

- Compromiso da totalidade dos comuneiros e socios integrantes das comunidades de bens e sociedades civís de manterse o domicilio fiscal no concello de Oza-Cesuras durante o período de seis meses dende a data de concesión da axuda económica.
- Compromiso da persoa física autónoma ou pola totalidade dos comuneiros e socios integrantes das comunidades de bens e sociedades civís de a manter a súa actividade nun local ou establecemento radicado neste concello durante o período de seis meses dende a data de concesión da axuda económica.
- Compromiso da persoa física autónoma ou pola totalidade dos comuneiros e socios integrantes das comunidades de bens e sociedades civís de manter a inscrición no censo de IAE deste concello durante o período de seis meses dende a data de concesión da axuda económica.
- Compromiso da persoa física autónoma ou pola totalidade dos comuneiros e socios integrantes das comunidades de bens e sociedades civís de comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña para a mesma finalidade doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, a partir da data desta declaración.

f) Designación de conta bancaria (*contida no modelo do anexo I*).

**g) No caso de terse iniciado a actividade no concello de Oza-Cesuras no segundo semestre do exercizo 2022, é aconsellable achegar copia auténtica da solicitude censal de alta no IAE.**

5. Non se poderá presentar máis dunha solicitude de subvención por cada solicitante (persoa física, comuneiro de comunidade de bens ou socio de sociedade civil), por tanto, no suposto de que unha persoa física presente unha solicitude como autónomo e outra como integrante dunha comunidade de bens ou sociedade civil se entenderá por presentada só unha delas.

### **- 6ª.- Procedemento de concesión, instrución e tramitación da axuda:**

1. O procedemento de tramitación e concesións das axudas solicitadas ao abeiro desta convocatoria axustarase ao disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, polo tanto, non ten a consideración de concorrencia competitiva, senón que a concesión da axuda realizarase pola comprobación do cumprimento polos solicitantes dos requisitos establecidos nestas bases, ata o esgotamento do crédito orzamentario.

2. A instrución do procedemento levarase a cabo pola comisión de verificación do Concello de Oza-Cesuras, que realizarán as actuacións necesarias para determinar o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución, e que estará composta polos seguintes membros:

Dª. María Belén García Otero, funcionario do concello de Oza-Cesuras..

Dª. María Arminda Seoane Barreiro, traballadora social do concello de Oza-Cesuras.

Dª. Carmen Pilar Barreiro Varela, concelleira de Oza-Cesuras.

3. Se resultase que a documentación está incompleta ou é defectuosa, requiriráselle ao solicitante para que no prazo de dez días a partir do día seguinte á data de notificación, achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, entenderase que desiste da súa solicitude.



## Concello de Oza-Cesuras

4. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

### - 6ª.- **Resolución:**

1. A resolución se motivará de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención pola verificación da concorrencia nos solicitantes dos requisitos establecidos nestas bases, ata o esgotamento do crédito orzamentario.

2. A resolución, incluírá a concesión da subvención ao solicitante ou, no seu caso, de xeito expreso, a desestimación das que non reúnan os requisitos ou agotasen o crédito orzamentario, seguindo a orde rigurosa de presentación.

3. A resolución do procedemento, que pon fin á vía administrativa, se ditará e notificará no prazo máximo de tres meses dende a data de publicación desta convocatoria, e indicará os recursos procedentes contra a mesma, así como o órgano ante o que interpoñelos, no seu caso.

4. O vencemento do prazo máximo sen notificar a resolución lexitima aos interesados a entender desestimada por silencio administrativo a súa solicitude.

### - 7.- **Pagamento da subvención**

1. As subvencións aboaranse despois da xustificación dos gastos, que deberán axustarse aos conceptos aprobados na concesión definitiva e que figurarán detallados en cada expediente de solicitude.

2. O aboamento da subvención materializarase na conta designada na solicitude (anexo I).

3. O gasto xustificado documentalmente deberá coincidir co inicialmente previsto no momento da solicitude de subvención ou ser superior a éste. Se o gasto xustificado fose menor ao importe ao inicialmente previsto procederá a minoración da subvención concedida.

4.- O IVE non será subvencionable.

### - 8.- **Xustificación da subvención. Prazo de presentación e forma da conta xustificativa**

1. O prazo para presentar a xustificación da subvención comenará a contar dende o día seguinte á notificación da concesión da subvención, e **rematará o 15 de novembro de 2022.**

2. Será requisito para o cobramento, acreditar a realización dos gastos e pagos subvencionados, sen prexuízo das actividades de comprobación por parte do Concello e dos órganos de control financeiro.

3. A xustificación da subvención por parte do beneficiario realizarase mediante a presentación do documento denominado conta xustificativa, conforme ao modelo anexo II das presentes bases, correspondentes aos gastos e pagos realizados, e incluírá a seguinte documentación:

a) Certificación acreditativa dos gastos realizados, acompañada das facturas que acrediten a realizaicon dos gastos en electricidade do local comercial, con identificación do acreedor e do



## Concello de Oza-Cesuras

documento, o seu importe, concepto e data de emisión.

Deberán achegarse os comprobantes de pagamento (con selo do banco orixinal) mediante transferencia bancaria e/ou domiciliación do gasto en conta corrente. Non se admitirán orzamentos ou facturas proformas.

b) Unha relación, no seu caso, dos outros ingresos ou subvencións que financiara a actividade subvencionada, coa indicación do seu importe e procedencia.

4. A xustificación deberá alcanzar cando menos o importe da subvención concedida.

Se existen outras subvencións para o mesmo proxecto, o importe que cómpre xustificar será a suma de todas elas

5. Á vista da documentación xustificativa presentada pola persoa física autónoma beneficiaria, emitírase un informe acreditativo da realización da actuación e do cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.

Unha vez emitido este informe, as actuacións relativas á xustificación da subvención serán remitidas á secretaría-intervención municipal, para a súa fiscalización.

6. O incumprimento da obriga de xustificación da subvención nos termos establecidos ou a xustificación insuficiente da mesma, levará consigo a perda ao dereito de percepción da subvención que se formalizará en resolución dictada polo órgano concedente, declarando a revogación do acto de concesión.

### **- 9. Incumprimentos e reintegros**

1. O incumprimento de calquera das condicións impostas con motivo da concesión da subvención ou o seu cumprimento extemporáneo, serán causa de perda total do dereito e de reintegro.

2. A perda do dereito formalizarase en resolución dictada pola Alcaldía, declarando a revogación do acto de concesión.

3. O cumprimento parcial das condicións ou a realización no prazo de so unha parte da actividade, sempre que quede acreditada a actuación do beneficiario inequivocamente tendente á satisfacción dos compromisos ou se deba a forza maior, dará lugar ao pagamento parcial da subvención, ou, no seu caso, ao reintegro parcial aplicando a proporción en que se atope a actividade realizada respecto do total.

4. Se na comprobación ou no control financeiro se puxese de manifesto a falta de pagamento de todos ou parte dos gastos xustificadas, despois de cobrada a subvención, polos respectivos acreedores, se esixirá o reintegro, aplicando o principio de proporcionalidade, para o que se considerará reintegrable a subvención en proporción aos gastos impagados.

### **- 10.- Devolución voluntaria da subvención**

De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, as entidades beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta do Concello de Oza-Cesuras, en concepto de devolución voluntaria da subvención.





## Concello de Oza-Cesuras

---

En todo caso, a entidade beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, na que conste a data do ingreso, o seu importe, o número do expediente e denominación da subvención concedida.

### - 11.- Seguimento e control

Os/as solicitantes da axuda, no suposto de teren a condición de beneficiarios/as e para os efectos das actuacións de control das obrigas asumidas, estarán sometidos ao control, comprobación e inspección do Concello de Oza-Cesuras, que comportará á realización de todas as actuacións que se consideren oportunas para acreditar o cumprimento dos requisitos da axuda e, nomeadamente, para cumprir cos requisitos establecidos na base décimo terceira, así como para a avaliación deste programa. Ademais facilitaránlle á Intervención Municipal, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas toda a información que reclamen no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

### - 12.- Interpretación.

Cálquera dúbida que poida plantexarse da interpretación das presentes bases será resolta pola comisión de verificación.

En Oza-Cesuras, na data da sinatura electrónica

**O ALCALDE,**

**Asdo. José Pablo González Cacheiro**





## Concello de Oza-Cesuras

### (ANEXO I) SOLICITUDE

**AXUDAS ECONÓMICAS AO COMERCIO LOCAL PARA PALIAR NA MEDIDA DO POSIBLE OS EFECTOS DERIVADOS DO INCREMENTO DO CUSTO DA ELECTRICIDADE NAS COMUNIDADES DE BENS, SOCIEDADES CIVÍS E PERSOAS FÍSICAS AUTÓNOMAS CON LOCAIS ABERTOS AO PÚBLICO EN ACTIVO E EN FUNCIONAMENTO RADICADOS NESTE TERMO MUNICIPAL**

#### **SOLICITANTE :**

Razón social: \_\_\_\_\_ CIF: \_\_\_\_\_

Apelidos e nome: \_\_\_\_\_ DNI/NIE/NIF: \_\_\_\_\_

Enderezo completo: \_\_\_\_\_

Teléfono: \_\_\_\_\_

Enderezo de correo electrónico: \_\_\_\_\_

Actividade principal (descrición): \_\_\_\_\_

Epígrafe IAE: \_\_\_\_\_

#### **DATOS DO/A REPRESENTANTE LEGAL (no seu caso)**

Apelidos e nome: \_\_\_\_\_ DNI/NIE/NIF: \_\_\_\_\_

Teléfono: \_\_\_\_\_

Enderezo de correo electrónico: \_\_\_\_\_

#### **EXPÓN:**

Que tivo coñecemento das bases reguladora das axudas para paliar na medida do posible os efectos derivados do incremento do custo da electricidade nas comunidades de bens, sociedades civís e persoas físicas autónomas con locais abertos ao público e en funcionamento radicados neste termo municipal a través da publicación na páxina web do concello.

Que reúne os requisitos esixidos na base 2ª das reguladoras da dita convocatoria, polo que, ao obxecto de optar á concesión das citadas axudas

#### **DECLARA RESPONSABLEMENTE :**

Que a persoa física autónoma e a totalidade dos comeneiros das comunidades de bens e/ou a totalidade dos socios das sociedades civís desenvolve/n a actividade de \_\_\_\_\_ nun local ou establecemento comercial minorista aberto ao público, en activo e en funcionamento, radicado no lugar de \_\_\_\_\_, parroquia de \_\_\_\_\_ (referencia catastral: \_\_\_\_\_) do concello de Oza-Cesuras na actualidade. *Achega documentación acreditativa da titularidade ou dereito real que posúa sobre o dito local ou establecemento comercial.*

Que a persoa física autónoma, a comunidade de bens ou sociedade civil solicitante indicada arriba figura de alta no censo do Imposto de Actividades Económicas do Concello de Oza-Cesuras no epígrafe \_\_\_\_\_ correspondente á actividade \_\_\_\_\_ na



## Concello de Oza-Cesuras

actualidade. No caso de terse iniciado a actividade no exercizo 2022, é aconsellable achegar copia da solicitude censal de alta por se aínda non estivese recollida dita situación nas matrículas postas a disposición deste concello pola Deputación Provincial.

- Que a persoa física autónoma, a comunidade de bens ou sociedade civil solicitante indicada arriba se atopa ao corrente nas súas obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e coa Administración Xeral da Seguridade Social.
- Que a persoa física autónoma, a comunidade de bens ou sociedade civil solicitante indicada arriba non está incurso nas prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria prevista no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Que a persoa física autónoma, a comunidade de bens ou sociedade civil solicitante indicada arriba para a mesma finalidade solicitou e/ou obtivo, ou ten pendente de resolución, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos as seguintes axudas:

Axuda		Ano	Organismo	Importe (€)	Tipo de axuda
Solicitada	Concedida				
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>				
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>				
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>				
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>				

- Que a persoa física autónoma, a comunidade de bens ou sociedade civil solicitante indicada arriba para a mesma finalidade non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións.

### **AUTORIZA AO CONCELLO DE OZA-CESURAS:**

- A levar a cabo a **consulta relativa ao seu empadramento** no padrón municipal de habitantes deste concello da persoa física autónoma, e das persoas físicas integrantes da comunidade de bens ou sociedade civil .
- A levar a cabo a **consulta relativa á súa inclusión da persoa física autónoma, da comunidade de bens ou sociedade civil na matrícula fiscal de IAE ou na matrícula de exentos** do seu pagamento correspondente ao exercizo 2022.
- A levar a cabo a **comprobación que a persoa física autónoma, a comunidade de bens ou sociedade civil estean ao corrente do cumprimento das súas obrigas fiscais municipais.**

A persoa física autónoma, a comunidade de bens ou sociedade civil solicitante indicada arriba **COMPROMÉTESE** a :

- Manterse empadroados no concello de Oza-Cesuras durante o período de seis meses dende a data de concesión da axuda económica.**
- Manter a actividade** nun local ou establecemento aberto ao público, en activo e en funcionamento, radicado neste concello durante o período de seis meses dende a data de concesión da axuda económica.



## Concello de Oza-Cesuras

**Manter a inscrición no censo do IAE deste concello** durante o período de seis meses dende a data de concesión da axuda económica.

**Comunicar** inmediatamente **cantas axudas solicite e/ou obteña** para a mesma finalidade doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, a partir da data desta declaración.

E, en base ao exposto, **SOLICITA** se lle conceda a axuda nunha contía de 100 € para o pagamento dos gastos de electricidade do local comercial anteriormente indicado.

Para o que, aos efectos do cobramento da subvención, **designa a seguinte conta bancaria da súa titularidade:**

IBAN da conta bancaria (24 díxitos)

Código de país	Código de Control	Código do banco	Código da sucursal	Díxito de control	Número de conta

### E, ACHEGA A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN:

- Copia auténtica do DNI, NIE ou NIF.
- Copia auténtica do CIF e do documento de constitución, e no seu caso das súas modificacións, da comunidade de bens e/ou sociedade civil, así como poder suficiente para actuar en nome destas dúas últimas en caso de representación.
- Documentación acreditativa da titularidade ou dereito real que posúa sobre o local ou establecemento comercial.
- No caso de terse iniciado a actividade no concello de Oza-Cesuras no segundo semestre do exercizo 2022, é aconsellable achegar copia auténtica da solicitude censal de alta no IAE.**

*E, en relación coa documentación achegada declara responsablemente que é copia auténtica da orixinal que obra no seu poder e que pode exhibir a mesma en calquera momento a requirimento do Concello de Oza-Cesuras.*

Oza-Cesuras, \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 202\_\_\_

(\*)Asdo, \_\_\_\_\_

(\*) A solicitude, as declaracións responsables, as autorizacións e os compromisos deben ser asinadas pola persoa física autónoma así como por todos os integrantes das comunidades de bens ou sociedades civís.

**SR. ALCALDE DO CONCELLO DE OZA-CESURAS**



## Concello de Oza-Cesuras

### ANEXO II

**AXUDAS ECONÓMICAS AO COMERCIO LOCAL PARA PALIAR NA MEDIDA DO POSIBLE OS EFECTOS DERIVADOS DO INCREMENTO DO CUSTO DA ELECTRICIDADE NAS COMUNIDADES DE BENS, SOCIEDADES CIVÍS E PERSOAS FÍSICAS AUTÓNOMAS CON LOCAIS ABERTOS AO PÚBLICO EN ACTIVO E EN FUNCIONAMENTO RADICADOS NESTE TERMO MUNICIPAL**

### CONTA XUSTIFICATIVA

(O prazo para presentar a xustificación da subvención **rematará o 15 de novembro de 2022**)

#### **SOLICITANTE :**

Razón social: \_\_\_\_\_ CIF: \_\_\_\_\_  
Apelidos e nome: \_\_\_\_\_ DNI/NIE: \_\_\_\_\_  
Enderezo \_\_\_\_\_ completo:  
\_\_\_\_\_  
Teléfono: \_\_\_\_\_  
Enderezo de correo electrónico: \_\_\_\_\_  
Actividade principal (descrición): \_\_\_\_\_  
Epígrafe IAE: \_\_\_\_\_

#### **DATOS DO/A REPRESENTANTE LEGAL (no seu caso)**

Apelidos e nome: \_\_\_\_\_ DNI/NIE: \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
Teléfono: \_\_\_\_\_  
Enderezo de correo electrónico: \_\_\_\_\_

**OBXECTO DA SOLICITUDE:** \_\_\_\_\_

**a) RELACIÓN DOS GASTOS REALIZADOS** con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, concepto e data de emisión.

Identificación acreedor	Identificación documento	Importe	Concepto	Data emisión

Con esta relación achegaranse copias das facturas, boletíns de cotizacións, nóminas e/ou



## Concello de Oza-Cesuras

documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporadas na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior así como xustificantes de pagamento dos mesmos.

**b) RELACIÓN DOUTROS INGRESOS OU SUBVENCIONES** que financiaron a actividade subvencionada, coa indicación do seu importe e procedencia:

Actividade subvencionada	Importe percibido	Organismo de procedencia

Oza-Cesuras, \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 202\_\_\_

(\*)Asdo \_\_\_\_\_

**SR. ALCALDE DO CONCELLO DE OZA-CESURAS**

En Oza-Cesuras, na data da sinatura electrónica

**O ALCALDE,**

**Asdo.- José Pablo González Cacheiro**

